

SESIÓN DO CONSELLO PARA A CONVIVENCIA ESCOLAR 21/10/2025

UGT Informa: Reunión do Consello para a Convivencia Escolar

 **Data:** Hoxe celebrouse a reunión do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

 **Contido central:** Presentación do *Informe de diagnose da convivencia e hábitos sociais 2025*, baseado nas respostas da V enquisa dirixida ao conxunto da comunidade educativa non universitaria (alumnado dende 5º de EP, profesorado, familias e PAS), con cuestionarios adaptados a cada colectivo.

Intervención institucional:

A consellería, por boca do seu titular **Román Rodríguez González** e da directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa **Judith Fernández Novoa**, fixo unha lectura moi optimista dos datos, afirmando que Galicia é un territorio sen grandes problemas de convivencia.

Intervención de UGT-SP

UGT-Servizos Públicos tomou a palabra para realizar diversas observacións:

◇ **Recoñecemento inicial:**

Valoramos positivamente a existencia da enquisa como instrumento útil e agradecemos o esforzo realizado na súa elaboración.

◇ **Participación do alumnado:**

Sinalamos a caída significativa da participación respecto á I Enquisa:

- En ensinanzas obrigatorias (5º-6º EP e ESO): do 74,18% en 2015 ao 68,00% en 2025.
- En ensinanzas postobrigatorias: descenso superior ao 10,5%.

◇ **Percepción de conflitos:**

Cuestionamos a conclusión “moi favorable” da consellería, xa que a percepción de conflitos **empeorou máis dun 6% entre o profesorado**.

◇ **Satisfacción do alumnado:**

Destacamos que o **26,14% do alumnado de ESO non se sente satisfeito co seu centro educativo**, dato que debe orientar os esforzos de mellora, alén de explicacións simplistas.



◇ **Recoñecemento á figura da titora:**

O alumnado indica que a forma máis habitual de resolución de conflitos é **falando coa persoa titora (60,92%)**. Reclamamos maior recoñecemento institucional a esta figura clave.

◇ **Centros de difícil desempeño:**

Ao fin da intervención da representante da Xunta de Directores, UGT-SP aludiu á posibilidade de **declarar centros de difícil desempeño**, como medida de apoio contextualizado.

✎ Desde UGT-SP reafirmamos o noso compromiso coa mellora da convivencia escolar, o recoñecemento do profesorado e a defensa dunha educación pública inclusiva e de calidade.

